



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xinzo de Limia CP 32630
Tfno. 988788456, 988788455



FONDU SOCIAL EUROPEO

“O FSE inviste no teu

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP CARLOS CASARES

CURSO: 4º INFANTIL

TITORAS: SONIA NOGUEIRAS SANTANA

ROSA CABRERA JOAQUÍN

DATA: 05/05/2020



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xunza de Limia CP 32630
Tfno. 988788456, 988788455



FONDU SOCIAL EUROPEO

“O FSE inviste no teu

ÍNDICE

- 1. Avaliación e cualificación.**
- 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 3. Información e publicidade.**



1. Avaliación e cualificación.

ÁREAS INFANTIL		
ÁREAS	CONTIDO	COMPETENCIA CLAVE
1.-COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL		
	-Construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións.	APRENDER A APRENDER
	-Identificación e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, propios e das demais persoas que conviven no seu ámbito familiar.	COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS
	-Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.	AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL
	-Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.	APRENDER A APRENDER
2.-COÑECEMENTO DO CONTORNO		
	-Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar.	COMPETENCIA MATEMÁTICA
	- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.	COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO
	- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega.	COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ
3.-LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN		
	- Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario.	COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA
	- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes e das distintas técnicas como recursos e medios de expresión.	COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA
	- Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e individuais.	COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA
	- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación e de expresión.	COMPETENCIA DIXITAL



PROCEDEMENTOS:

O seguimento das tarefas e acompañamento dos cativ@s e familias dende o comezo do Estado de Alarma (14/03/2020) fíxose a través de diferentes medios e aplicacións:

- Teléfono (de xeito individual).
- Whatsapp (de xeito individual e grupal).
- Plataforma WEBEX (de xeito individual e grupal).

As tres áreas que integran o currículo de educación infantil non poden ser avaliadas sen ter o alumnado diante xa que os cambios nestas idades poden ser moi exponenciais. A observación directa e sistemática constitúe a técnica principal do proceso avaliador en infantil facéndose dun xeito continuado para ser un elemento máis da actividade educativa.

Polo tanto, a avaliación deste trimestre farase en positivo dadas as circunstancias máis que xustificadas desta situación de vulnerabilidade, intentando reforzar todo traballado ata data de hoxe e servindo de acompañamento na distancia ao noso alumnado e familias.

Intentando crear un ambiente onde prime a valoración positiva favorecendo un clima de confianza para expresión dos seus sentimentos e suxestións.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

ACTIVIDADES:

1.-LINGÜÍSTICAS

- Divertímonos cos contos: audios, lecturas das familias e da profe, visualizacións,...
- Contacontos CORONAVIRUS en familia.
- Xogos de sopro.
- Contos personalizados.
- Ler, comprender e escribir o propio nome.
- Aprender e cantar cancións de ámbito escolar ou reflexo da situación que nós tocou vivir.
- Escritura de receitas.
- Participación actividade de EDLG: “Un conto galego”.



2.-MATEMÁTICA

- Xogos de realidade aumentada.
- Xogos de conteo.
- RETO de psicomotricidade fina.
- Xogos psicomotores de orientación espacial.
- Uso do calendario .
- Recomendacións fichas: "A aventura dos números".

3.- CULTURAL E ARTÍSTICA

- Manualidades diferentes e variadas con diversos materiais especialmente de refugallo e técnicas plásticas tamén dispares.
 - Creación de títeres.
 - Creación de vídeos de diferente temática en colaboración con iniciativas solidarias:
- #todosairáben
 - #sonrisavirus
 - #díadelautismo
 - #díadelasalud
 - Un aplauso por los niños/as

4.- AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

- Realizar rutinas asociadas ao ESTADO DE ALARMA para coidar a nosa saúde: lavado de mans, saúdos có cóbado, non saír a rúa, ...
- Usar de maneira máis eficaz o seu propio corpo: poñer calcetíns, realización de receitas en colaboración coas familias, pelar froita, vestirse, abrir e pechar portas, aplaudir cada día ,colocación mascarilla...

5.- EMOCIONAL

- Realización das actividades propostas por EDUCACIÓN RESPONSABLE:
 - Cariñas
 - Receitas contra o aburrimto.
- Realización dun vídeo con mensaxes de ánimo a unha mamá dun neno pola súa labor de sanitaria



- Realización dun vídeo con debuxos e mensaxes para un compañeiro por ser o seu ANIVERSARIO.

6.- DIXITAL

- Uso de diferentes xogos no ordenador e no móbil.
- Uso do teclado do ordenador para recoñecemento de letras e números.
- Uso diario de redes sociais por parte das familias como puente de unión co noso alumnado.
- Participación activa do alumnado nas videoconferencias da plataforma WEBEX.
- Gravación de vídeos e fotografías para realización de vídeos, montaxes,...

METODOLOXÍA

1. Ambiente de aprendizaxe

Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, adaptado as necesidades das familias de xeito que permita combinar tempos de traballo (das familias) cos de aprendizaxe escolar sen establecer datas fixadas e de carácter voluntario.

2. Perspectiva didáctica

Organízanse os contidos cara a un «enfoque globalizador» incluíndo as diferentes áreas coas súas diversas competencias, como se viña facendo ao longo dos outros trimestres.

Tratando de manter vínculos afectivos entre os nen@s e as familias para que se sigan sentindo membros do grupo, favorecendo o desenvolvemento das relacións interpersoais e participando (na medida en que cada un poida) activamente nel.

Destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, polo que partindo da realidade individual de cada nen@ trátase de que as experiencias e actividades didácticas teñan un alto componente lúdico estimulando a creatividade.

3. O papel do profesorado.

Potenciar no seu alumnado a afectividade para axudarlles a sentirse seguros nun clima de tranquilidade e confianza dentro do grupo e en coordinación positiva coas familias.

É necesario partir da realidade de cada familia e exercer de mediadores entre o alumnado e o colexio e demais administracións.

Velar por crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, dadas as circunstancias extraordinarias que estamos a vivir. Favorecendo que as nen@s



expresen libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, e que os adultos creen condicións para que sexan escoitados e respectados. *#OSE inviste no teu*

4. O papel do alumnado.

Ter en conta a conectividade ou non conectividade das familias a través de diversos medios: washapp, teléfono, plataforma WEBEX. Asemade a dispoñibilidade horaria dos proxenitores para poder desenvolver as tarefas prescritas eservir de apoio aos seus fill@s.

Ofrecer ao alumnado situacións de aprendizaxe que incentiven e potencien a súa intelixencia emocional. Facerlles ver que tod@s poden realizar accións e expresar sentimentos por si mesmos e compartilos cos demais.

Potenciar no alumnado valoracións positivas para que reflexione sobre os seus progresos mostrándolle as súas producións mediante imaxes e vídeos conxuntos. Isto resulta un motivo de fortalecemento da autoestima para cada nen@ e para o grupo-clase.

MATERIAIS E RECURSOS

- Materiais descargables, con capacidade de impresión, en formato pdf.
- Fotografías, presentacións, collages e vídeos.
- Material sinxelo, cos recursos que cada familia teña nas súas casas e fácil de substituír

por outro(fundamentalmente de refugallo)

3.-Información e publicidade.

A canle de información ás familias chega a través de varias vías:

- Teléfono (de xeito individual).
- Whatsapp (de xeito individual e grupal).
- Plataforma WEBEX (de xeito individual e grupal).
- Na páxina WEB do centro.